



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal das seguintes partes do corpo non se encontra nas extremidades inferiores?

- A) A canela.
- B) O nocello.
- C) A caluga.
- D) O calcaño.

2. Unha substancia prexudicial para o organismo é:

- A) Unha frieira.
- B) Un bálsamo.
- C) Un veneno.
- D) Un veneno.

3. Sinale a frase correcta:

- A) A sangue é roxa.
- B) O sangue é vermello.
- C) A sangue é vermella.
- D) O sangue é roxo.

4. Tremor brusco e sensación de frío que, ás veces, acompaña á febre nunha enfermidade:

- A) Escalofrío.
- B) Resfrío.
- C) Calefrío.
- D) Calafrío.

5. Complete a frase: "O cociñeiro asou o _____ con patacas."

- A) bacalao
- B) bacallau
- C) bacallao
- D) bacalado

6. Escolla a alternativa correcta:

- A) Vendo postais dos xardíns reais.
- B) Vendo postales dos xardíns reales.
- C) Vendo postais dos xardíns reás.
- D) Vendo postales dos xardines reais.

7. Conxunto de persoas ou cousas semellantes colocadas unha detrás doutra:

- A) Rima.
- B) Renglón.
- C) Rincha.
- D) Ringleira.

8. Se nos van operar á media tarde, é probable que en todo o día non nos deixen probar bocado; é dicir, que nos fagan:

- A) Aiunar.
- B) Xaxuar.
- C) Famear.
- D) Axunar.

9. Marque a opción que teña os nomes de concellos galegos escritos correctamente:

- A) Ponteareas, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, A Coruña.
- B) Puenteareas, Sanjenjo, Vilagarcía de Arosa, A Coruña.
- C) Ponteareas, San Xenxo, Vilagarcía de Arosa, A Cruña.
- D) Pontareas, Sanxenxo, Villagarcía de Arousa, La Coruña.

10. Persoa natural ou habitante de Ourense:

- A) Ourensán–Ourensá.
- B) Orensano–Orensana.
- C) Orensán–Orensá.
- D) Ourensano–Ourensana.

Preguntas de reserva

1. Sinale a palabra que está mal escrita:

- A) Verza.
- B) Chivo.
- C) Bolboreta.
- D) Trobador.

2. Indique a opción correcta:

- A) Cohete.
- B) Exhumar.
- C) Desonesto.
- D) Coerencia.